



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo de aprobación do calendario laboral e a revisión salarial para o ano 2020 do “Convenio Colectivo da empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.” (Código 27000092011985), asinado o día 12 de marzo de 2020, pola representación da empresa e polos representantes dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo

ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de maio de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE FIRMA

CONVENIO COLECTIVO DE LA EMPRESA CALFENSA PROYECTOS, S.L.

ASISTENTES

Por la representación de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ

Por la representación de los trabajadores de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

JESÚS BRAÑAS ARES (UGT)

M^a DORES GUERRERO PÉREZ (UGT)

LUCÍA CEIDE ARIAS (UGT)

ROBERTO LODEIRO REBOREDO (CIG)

JUAN CARLOS BARGUEIRAS LÓPEZ (CIG)

En Lugo, siendo las 19:00 horas del día 22 de Marzo de 2020, se reúnen en el domicilio de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L. (Ctra. Lugo - Sarria C-546 Km. 2; Santa Comba - Lugo) las personas al margen relacionadas, miembros todas ellas de la **Comisión Negociadora del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.**, adoptándose, tras los debates oportunos, los siguientes

ACUERDOS:

Primero.- Aprobar la tabla salarial vigente desde el 1 de enero de 2020 hasta el 31 de diciembre de 2020, conforme a lo previsto en el artículo 14, para lo que las partes cuentan con la representatividad suficiente y necesaria según se acredita con el Acta de Constitución de la Comisión Negociadora.

Segundo.- Aprobar el calendario laboral 2020 conforme al cuadro adjunto.

Tercero.- Remitir la tabla aprobada, así como la presente Acta y demás documentación necesaria, a la Autoridad Laboral competente a los efectos legales oportunos.

Cuarto.- A los efectos del registro y depósito de la tabla salarial aprobada y del calendario laboral igualmente aprobado, se autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, responsable de negociación colectiva de la Confederación de Empresarios de Lugo, a la presentación de la solicitud de

inscripción correspondiente ante el Registro de la autoridad laboral competente, facilitando cuantos datos sean necesarios para la presentación de tal solicitud de inscripción.

Y para que así conste, en prueba de conformidad, firman la presente Acta en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

Por la empresa: Fdo.: JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ, DNI 36024560M.

Por los trabajadores: Fdo.: JESÚS BRAÑAS ARES, DNI 32815807M. Fdo.: MARÍA. DORES GUERRERO PÉREZ, DNI 33845177X. Fdo.: LUCÍA CEIDE ARIAS, DNI 33325801C. Fdo.: ROBERTO LODEIRO REBOREDO, DNI 33544396T. Fdo.: JUAN CARLOS BARGUEIRAS LÓPEZ, DNI 33339755J.

Tabla Salarial 2020.- Convenio Colectivo de la Empresa Calfensa Proyectos, S.L.

Vigencia desde el 1-1-2020 hasta el 31-12-2020

Categoría Profesional	Salario base mensual	Retribución anual
Director gerente	2.375,22	33.253,04
Técnico jefe	1.832,31	25.652,36
Jefe comercial	1.832,31	25.652,36
Técnico	1.221,56	17.101,91
Técnico en prácticas	1.017,97	14.251,56
Jefe Administración	1.560,87	21.852,24
Oficial administrativo	1.119,75	15.676,45
Auxiliar administrativo	950,00	13.300,00
Encargado	1.153,69	16.151,70
Oficial de 1ª	1.051,87	14.726,24
Oficial de 2ª	950,00	13.300,00
Peón especialista	950,00	13.300,00
Peón	950,00	13.300,00
Ordenanza/conserje	950,00	13.300,00
Limpiador	8,56 hora	

Nota.- En la categoría profesional de limpiador, el salario hora incluye la parte proporcional del descanso semanal y festivos.

CALENDARIO LABORAL 2020

DIAS	ENERO	FEBRERO	MARZO	ABRIL	MAYO	JUNIO	JULIO	AGOSTO	SEPTIEMBRE	OCTUBRE	NOVIEMBRE	DICIEMBRE	DIAS
1	F. NACIONAL	SABADO	DOMINGO	9	F. NACIONAL	9	9	SABADO	9	9	DOMINGO	7	1
2	7	DOMINGO	7	9	SABADO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	7	7	2
3	7	7	7	9	DOMINGO	9	9	9	9	DOMINGO	7	7	3
4	SABADO	7	7	SABADO	9	9	SABADO	9	9	F. CONVENIO	7	F. CONVENIO	4
5	DOMINGO	7	7	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	DOMINGO	7	SABADO	5
6	F. NACIONAL	7	7	9	9	SABADO	9	9	DOMINGO	8	7	DOMINGO	6
7	7	7	SABADO	9	9	DOMINGO	9	9	9	8	SABADO	F. CONVENIO	7
8	7	SABADO	DOMINGO	9	9	9	9	SABADO	9	8	DOMINGO	F. NACIONAL	8
9	7	DOMINGO	8	F. NACIONAL	SABADO	9	9	DOMINGO	9	8	7	7	9
10	7	7	8	F. NACIONAL	DOMINGO	9	9	9	9	SABADO	7	7	10
11	SABADO	7	8	SABADO	9	9	SABADO	9	9	DOMINGO	7	7	11
12	DOMINGO	7	8	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	F. NACIONAL	7	SABADO	12
13	7	7	8	F. CONVENIO	9	SABADO	9	9	DOMINGO	F. CONVENIO	7	DOMINGO	13
14	7	7	SABADO	9	9	DOMINGO	9	F. CONVENIO	9	8	SABADO	7	14
15	7	SABADO	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	F. NACIONAL	9	8	DOMINGO	7	15
16	7	DOMINGO	8	9	SABADO	9	9	DOMINGO	9	8	7	7	16
17	7	7	8	9	DOMINGO	9	9	9	9	SABADO	7	7	17
18	SABADO	7	8	SABADO	9	9	SABADO	9	9	DOMINGO	7	7	18
19	DOMINGO	7	F. CONVENIO	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	8	7	SABADO	19
20	7	7	F. CONVENIO	9	SABADO	SABADO	9	9	DOMINGO	8	7	DOMINGO	20
21	7	7	SABADO	9	9	DOMINGO	9	9	9	8	SABADO	7	21
22	7	SABADO	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	9	8	DOMINGO	7	22
23	7	DOMINGO	8	9	SABADO	9	9	DOMINGO	9	8	7	7	23
24	7	F. CONVENIO	8	9	DOMINGO	F. CONVENIO	F. CONVENIO	9	9	SABADO	7	F. NACIONAL	24
25	SABADO	7	8	SABADO	9	9	F. CONVENIO	9	9	DOMINGO	7	7	25
26	DOMINGO	7	8	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	7	7	SABADO	26
27	7	7	8	9	9	SABADO	9	9	DOMINGO	7	7	DOMINGO	27
28	7	7	8	9	9	DOMINGO	9	9	9	7	SABADO	7	28
29	7	SABADO	DOMINGO	9	9	DOMINGO	9	SABADO	9	7	SABADO	7	29
30	7	7	9	9	SABADO	9	9	DOMINGO	9	7	DOMINGO	7	30
31	7	7	9	DOMINGO	DOMINGO	9	9	9	SABADO	SABADO	7	7	31
horas/mes	147,00	126,00	157,00	171,00	180,00	189,00	198,00	180,00	198,00	149,00	147,00	133,00	1.976,00
dias/mes	21,00	18,00	20,00	19,00	20,00	21,00	22,00	20,00	22,00	19,00	21,00	19,00	242,00

	DIAS DADOS POR LA EMPRESA	242,00
	FESTIVOS CONVENIO	1.976,00
	FESTIVOS NACIONALES	176,00
	FESTIVOS LOCALES	
	FESTIVOS COMUNIDAD	

	DIAS DE TRABAJO ANUAL	242,00
	HORAS DE TRABAJO ANUAL	1.976,00
	DIAS DE VACACIONES EN HORAS	176,00

1.800,00 HORAS

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo de revisión salarial e días inhábiles para o ano 2020 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e afíns de Lugo, (Código número 27000245011982) asinado o día 3 de marzo de 2020, pola representación patronal e das centrais sindicais U.G.T., CC.OO. e C.I.G., e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo, ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de maio de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

ACTA DE ACORDO

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA A INDUSTRIA DE EBANISTERÍA E AFÍNS DE LUGO

ASISTENTES

Pola Asociación Provincial de

Empresarios de Ebanistería de Lugo

PATRICIA LÓPEZ LÓPEZ (DNI 33996961V)

MANUEL LÓPEZ INSUA (DNI 76530708W)

MARIO CARBALLO LAMA (DNI 33316746G)

Polas Centrais Sindicais

UGT [53,85%]

CARLOS GARCÍA VAZQUEZ (DNI 11922182V)

ELADIO QUELLE BARRO (DNI 33830976T)

CC.OO. [30,77%]

JOSE MANUEL BREA MÉNDEZ (DNI 33851807Q)

RICARDO ÓSCAR SANTOS REIRIZ (DNI 52459796Q)

CIG

ALFONSO LOSADA RODRÍGUEZ (DNI 76578117P)

En Lugo, sendo as 17.00 horas do día 3 de marzo de 2020, reúnenos nos locais da Confederación de Empresarios de Lugo [Pz. Santo Domingo, nº. 6-8, 2º] as persoas á marxe relacionadas, membros todas elas da Comisión Negociadora do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo.

Logo dos debates oportunos, adóptanse os seguintes

ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar as táboas salariais para o ano 2020 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo de conformidade co previsto no artigo 10 do Convenio en vigor, para o que as partes contan coa capacidade legal necesaria e suficiente, segundo se acredita coa Acta de Constitución da Comisión Negociadora.

Segundo.- O importe do plus de especial cualificación previsto no artigo 32 do Convenio en vigor para o ano 2020 será de 647,04 euros anuais, a cobrar en doce mensualidades a razón de 53,92 euros mensuais.

Terceiro.- De conformidade co previsto no artigo 7 do Convenio Colectivo Provincial para a Industria de Ebanistería e Afíns de Lugo, para os supostos nos que tivera lugar no exercicio 2020 un exceso sobre a xornada anual de traballo de 1.752 horas, cada traballador/a disfrutará como días inhábiles ou non laborables e retribuídos os seguintes, nos termos indicados no texto do Convenio:

- 20 de marzo de 2020
- 4 de maio de 2020
- 24 de xullo de 2020
- 14 de agosto de 2020

- 7 de decembro de 2020

Quarto.- Os atrasos por diferencias de salarios consecuencia da aprobación das táboas salariais do ano 2020 se abonarán aos traballadores no prazo de dos a contar dende a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Quinto.- Remitir a presente Acta á Autoridade Laboral competente aos efectos legais oportunos con canta información e documentación resulte necesaria.

Sexto.- Aos efectos do rexistro e depósito dos presentes acordos para o exercicio 2020 do Convenio Colectivo Provincial para a industria de ebanistería e afíns de Lugo, autorízase a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.321.188F, e responsable de negociación colectiva da Confederación de Empresarios de Lugo, á presentación da solicitude de inscrición correspondente ante o Rexistro da autoridade laboral competente, facilitando todos os datos relativos ás partes asinantes, data de firma, ámbito persoal, funcional, territorial e temporal e actividades económicas cubertas e cantos outros sexan necesarios. Do mesmo xeito se lle autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias á presentación, xunto coa solicitude de inscrición, de canta documentación sexa necesaria para tal inscrición.

E en proba de conformidade, firman a presente Acta as persoas ao marxe relacionadas en lugar e data indicados no encabezamento.

Fdo.: Patricia López López. Fdo.: Manuel López Insua Fdo.: Mario Carballo Lama. Fdo.: Carlos García Vázquez. Fdo.: Eladio Quelle Barro. Fdo.: José M. Brea Méndez. Fdo.: Ricardo O. Santos Reiriz. Fdo.: Alfonso Losada Rodríguez.

TÁBOA SALARIAL 2020

CONVENIO COLECTIVO EBANISTERÍA DE LUGO

Vixencia dende o 01/01/2020

GRUPOS PROFESIONAIS	SALARIO MES	SALARIO ANUAL
Grupo Profesional 1	1.596,66	22.353,24
Grupo Profesional 2	1.496,68	20.953,52
Grupo Profesional 3	1.397,03	19.558,42
Grupo Profesional 4	1.374,84	19.247,76
Grupo Profesional 5	1.347,88	18.870,32
Grupo Profesional 6	1.319,35	18.470,90
Grupo Profesional 7	1.319,35	18.470,90

Notas:

(1) Os traballadores contratados como Oficiais de 1^a ao 6 de xuño de 2014 percibirán, a maiores do salario correspondente ao Grupo Profesional 5, o plus de especial cualificación previsto no artigo 32 do Convenio.

(2) O importe do quinquenio consolidado para cada traballador será, no seu caso, o que tiveran recoñecido nas táboas salariais de aplicación no ano 2013.

R. 0925

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do “Convenio Colectivo de Transporte de Mercadorías por Estrada da provincia de Lugo”, (Código 27000505011982), asinado o día 20 de febreiro de 2020, pola representación empresarial e da central sindical CC.OO. (66,67%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 12 de maio de 2020.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS POR ESTRADA DA PROVINCIA DE LUGO

CAPITULO I

CONDICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º: ÁMBITO FUNCIONAL.- As disposicións do presente Convenio obrigan a tódalas empresas e persoas traballadoras da provincia de Lugo que teñan as súas actividades reguladas polo Acordo Xeral para as Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento.

Para maior concreción indícanse seguidamente:

Servicios regulares de mercadorías, servicios discrecionais de mercadorías, transporte de pescado, transportes frigoríficos, transportes líquidos, transportes especiais (grúas, etc.), transportes locais de mercadorías, explotación de túneles e autoestradas, garaxes, aparcamentos e servicios de lavado e engraxe, despachos auxiliares ou centrais de FFCC con vehículos automóbiles, transportes de mobles, mudanzas gardamobles, servicios de aluguer de coches con ou sen conductor/a, actividades de mensaxería e loxística, entendendo por esta última a que cubre a planificación, organización, xestión, supervisión e realización de actividades de transporte de mercancías na cadea de suministro, esto é, toda-las actividades empresariais que requiran títulos habilitantes de transportista ou de operador/a de transporte, independentemente de si as mesmas se realizan ou non a temperatura controlada.

ARTIGO 2º: ÁMBITO TERRITORIAL.- O presente Convenio será de aplicación en toda a provincia de Lugo, quedando sometidas a el tanto as empresas xa existentes como as de nova creación radicadas no ámbito territorial, ou que aínda tendo o seu domicilio social noutro lugar, teñan establecementos na provincia de Lugo, en canto ó persoal adscrito ós mesmos.

ARTIGO 3º: ÁMBITO TEMPORAL.- O presente Convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014, rematando a súa vixencia o día 31 de decembro do ano 2022.

ARTIGO 4º : DENUNCIA.- Ao extinguirse o período de aplicación e vixencia do presente Convenio, este considerarase expresamente denunciado, sen necesidade de efectuar ningún trámite, manténdose a vixencia dos seus contidos normativos ata a firma de outro que os substitúa.

ARTIGO 5º: INTERPRETACIÓN DO CONVENIO.- Créase unha Comisión Mixta Paritaria entre as partes asinantes deste Convenio Colectivo, integrada por, dunha banda, 3 representantes da parte empresarial e, doutra banda, por 3 representantes da Central Sindical CC.OO.

A Comisión Mixta Paritaria será o órgano de interpretación, conciliación, arbitraje e vixilancia do cumprimento do presente Convenio.

De conformidade co indicado no parágrafo anterior, as funcións específicas da Comisión Mixta Paritaria serán as seguintes:

- Interpretación do Convenio.
- Conciliación facultativa.
- Arbitraje das cuestións ou problemas que lle sexan sometidas por ambas partes de común acordo en asuntos derivados do Convenio.
- Vixilancia do cumprimento do pactado.
- Cantas outras facultades ou competencias lle correspondan de conformidade coa lexislación vixente.

As consultas ou peticións dirixidas á Comisión Mixta Paritaria se canalizarán a través de calquera das organizacións integrantes da mesma, debendo poñerse de acordo as partes sobre o lugar, data e hora de celebración da reunión necesaria para atender a consulta ou petición e levantar acta do acordo ou desacordo no prazo máximo de 15 días naturais a contar dende a data da consulta ou petición, salvo que as persoas que formen parte da Comisión acordasen por unanimidade a necesidade de contar cun prazo maior de resolución.

No caso de non acadarse acordo no seo da Comisión, as partes someteranse ás distintas modalidades de resolución de conflitos establecidas no AGA (Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais para a Solución de Conflictos Colectivos de Traballo) nos termos contemplados no mesmo.

Nos supostos de inaplicación previstos no artigo 82.3 do Estatuto dos Traballadores, a Comisión Paritaria disporá dun prazo máximo de sete días para pronunciarse a contar dende que a discrepancia lle fora prantexada e, no caso de non acadarse acordo no seo da Comisión, as partes someteranse ás modalidades de resolución de conflitos do AGA nos termos referidos no parágrafo anterior.

ARTIGO 6º: VINCULACIÓN Á TOTALIDADE.- As condicións aquí pactadas forman un todo orgánico e indivisible e, a efectos da súa aplicación práctica, serán consideradas globalmente.

No caso de nulidade parcial por modificación de calquera das condicións, quedará na súa totalidade sen eficacia práctica, debendo negociarse todo o seu contido. Non obstante o anterior, en tanto en canto non se renegocie o contido do Convenio, se aplicará éste provisionalmente, comprometéndose as partes asinantes a iniciar a renegociación do Convenio nun prazo máximo dun mes a contar dende a declaración de nulidade parcial.

ARTIGO 7º: LEXISLACIÓN SUPLETORIA.- En todo o non recollido no presente Convenio estarase ao que determine o Acordo Xeral para as Empresas de Transportes de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento, o Estatuto dos Traballadores, a Lei de Igualdade, a normativa de prevención de riscos e demais lexislación vixente.

ARTIGO 8º: CONDICIÓ N MÁIS BENEFICIOSA.- Respetaránse as situacións persoais que en cómputo anual excedan destas normas. Toda vez que as melloras que se implantan en virtude deste convenio teñen carácter de mínimas estimadas no seu conxunto, subsistirán os pactos, cláusulas e situacións de feito implantadas polas empresas que signifiquen condicións máis beneficiosas para as persoas traballadoras.

CAPITULO II

XORNADA, VACACIÓ NS E DESCANSOS

ARTIGO 9º: XORNADA.- A xornada laboral será de 1.816 horas de traballo efectivo en cómputo anual, sendo de aplicación ao respecto o Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

En todo caso a xornada de traballo e o réxime de descanso dos traballadores/as móbiles se axustarán ao disposto no Regulamento CE 561/2006 e no Real Decreto 1561/1995 , así como ao disposto no Capítulo V do II Acordo Xeral para as empresas de transporte de mercadorías por Estrada ou acordo que o substitúa. Conforme a dita normativa a xornada laboral será de 1.816 horas de traballo efectivo en cómputo anual con distribución irregular da xornada. As pausas na condución, as comidas en ruta e similares nas que o conductor non estea realizando ningún traballo se considerarán tempo de descanso.

ARTIGO 10º: VACACIÓ NS.- O persoal afectado polo presente Convenio Colectivo disfrutará de 30 días naturais de vacacións, dentro do ano natural, sen distinción de antigüidade ou categoría profesional, e de acordo coa normativa laboral vixente. O disfrute do período de vacacións non poderá iniciarse en día correspondente a descanso semanal ou día festivo.

Para os traballadores/as que ingresen ou rematen o seu contrato no transcurso do ano, prorratearanse os días de vacacións en función do tempo de prestación de servizos.

As empresas e os representantes legais das persoas traballadoras, en ausencia destes as propias persoas traballadoras, procurarán pactar un calendario de vacacións nos tres primeiros meses do ano. En todo caso as persoas traballadoras terán dereito a coñecer as datas das súas vacacións a lo menos con dous meses de antelación ao comenzo do seu disfrute.

No caso de fraccionamento do disfrute de vacacións, a lo menos 15 días se disfrutarán preferentemente de xuño a setembro ambos incluídos e de xeito ininterrompido.

ARTIGO 11º: PERMISOS.- Independentemente dos xa establecidos no Estatuto dos Traballadores, e os que se relacionan a continuación, para todo o persoal afectado polo presente Convenio Colectivo, establécense dous días non laborables, retribuídos e non recuperables dentro da xornada de 1816 horas.

Conforme ao disposto no Estatuto dos Traballadores, as persoas traballadoras, previo aviso e xustificación, poderán ausentarse do traballo, con dereito a remuneración, por algún dos motivos e polo tempo seguinte:

- a) Quince días naturais no caso de matrimonio.
 - b) Tres días nos casos de nacemento de fillo/a ou adopción ou garda con fins de adopción ou acollemento así como por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrxica sen hospitalización que precise reposo domiciliario do cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente e fillos e fillas. Cando, con tal motivo, as persoas traballadoras necesite facer un desprazamento ao efecto, o prazo será de cinco días.
- Nos casos de licencia por hospitalización previstos no presente apartado, a persoa traballadora poderá facer uso da licencia en calquera momento mentres dure a hospitalización, ben disfrutando dos días de licencia de xeito continuado, ben disfrutando dos días de licencia de xeito partido.
- c) Dous días nos casos de falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención quirúrgica sen hospitalización que precise reposo domiciliario de parentes ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade. Cando, con tal motivo, a persoa traballadora necesite facer un desprazamento ó efecto, o prazo será de catro días.
 - d) Un día por traslado do domicilio habitual.
 - e) Polo tempo indispensable para concurrir a exames directamente relacionados co traballo desempeñado pola persoa traballadora na empresa.

f) Polo tempo indispensable para acompañamento a consulta de facultativo da Seguridade Social de fillos/as menores de 16 anos que estén a cargo exclusivamente da persoa traballadora.

g) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inexcusable de carácter público e persoal, comprendido o exercicio do sufraxio activo. Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado, estarase ó que esta dispoña en canto á duración da ausencia e á súa compensación económica.

Cando o cumprimento do deber antes referido supoña a imposibilidade da prestación do traballo debido en máis do vinte por cento das horas laborais nun período de tres meses, poderá a empresa pasar á persoa traballadora afectada a situación de excedencia.

No suposto no que a persoa traballadora, por cumprimento do deber ou desempeño do cargo, perciba unha indemnización, descontarase o importe da mesma do salario a que tivera dereito na empresa.

e) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal nos termos establecidos legal ou convencionalmente.

f) Polo tempo indispensable para a realización de tramitacións persoais ante as Administracións Públicas que resulten imprescindibles para o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo. Exclúese esta licencia cando as empresas, por sí mesmas ou a medio de asociacións nas que estean integradas, leven a cabo tales tramitacións no nome da persoa traballadora.

A partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, as persoas traballadoras terán dereito, co fin de atender necesidades excepcionais consistentes en enfermidade grave do cónxuxe ou parella de feito debidamente inscrita no rexistro correspondente, pais ou fillos/as ou familiares ata segundo grado por consanguinidade ou afinidade que convivan coa persoa traballadora, a un permiso non retribuído de ata un mes de duración, non fraccionable e que, salvo pacto en contrario, non se poderá acumular a vacacións ou festivos. Dado o seu carácter excepcional, este permiso requirirá dun preaviso mínimo de 15 días, non poderá ser disfrutado pola mesma persoa traballadora en dúas anualidades consecutivas, e non poderá ser disfrutado simultaneamente por mais dunha persoa traballadora da empresa salvo aceptación expresa desta.

ARTIGO 12º: HORAS EXTRAORDINARIAS.- Tendo en conta a existencia dun grande número de persoas traballadoras en paro, tenderase á eliminación das horas extras durante a vixencia do presente Convenio. En calquera caso, as empresas terán que respetar escrupulosamente os topes legais existentes.

ARTIGO 13º: TRABALLO EN DÍAS FESTIVOS.- Cando excepcionalmente e por razóns técnicas ou organizativas non podan disfrutarse as festas laborais aprobadas para cada ano, a persoa traballadora, de mutuo acordo ca empresa, poderá optar entre disfrutar dun descanso compensatorio de día e medio por cada día festivo completo traballado dentro do mes seguinte á festa non disfrutada ou cobrar un plus de traballo en festivos cuxa contía, dende o mes de novembro de 2019, será de 54,19 euros por cada festivo traballado. O importe do plus será, para 2020, de 54.89 euros.

No ano 2021 o importe do plus de traballo en festivos será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021.

No ano 2022 o importe do plus de traballo en festivos será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022.

CAPITULO III

RETRIBUCIÓNS

ARTIGO 14º: SALARIO DE CONVENIO.-

Incremento salarial:

Acórdase a actualización das táboas salariais do presente Convenio para o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2018 cun incremento do 3% sobre as táboas salariais publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 22 de febreiro de 2014. Dito incremento non terá efectos retroactivos, servindo de base para aplicar o incremento pactado para o ano 2019.

Os salarios, para cada un dos postos de traballo, para o ano 2019 serán os recollidos na táboa salarial adxunta, resultado de aplicar incremento consistente no IPC real estatal da anualidade anterior, isto é, do ano 2018 (1,2%) mais 0,5 puntos. Dito incremento terá efectos retroactivos dende o mes de novembro de 2019.

Os salarios, para cada un dos postos de traballo, para os anos 2020 e 2021 serán o resultado de aplicar, sobre as táboas vixentes na anualidade anterior, incremento consistente no IPC real estatal de dita anualidade anterior –esto é, no ano 2020, IPC real estatal do exercicio 2019 e, no ano 2021, IPC real do exercicio 2020- mais 0,5 puntos.

Os salarios, para cada un dos postos de traballo, para o ano 2022 serán o resultado de aplicar, sobre as táboas vixentes na anualidade anterior, incremento consistente no IPC real estatal de dita anualidade anterior –esto é, IPC real estatal do exercicio 2021- mais 0,75 puntos.

Ao fin de aplicar ditos incrementos, a Comisión Paritaria do Convenio comprométese a reunirse en canto se publique o dato definitivo do IPC real estatal de cada anualidade (2020 e 2021), procedendo á sinatura das táboas salariais correspondentes e a súa remisión á Autoridade Laboral para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Prima de convenio:

Con independencia e sen perxuízo do establecido no presente artigo, páctase unha prima de convenio de 320€ brutos que afectará a todo o persoal en plantilla con antigüidade mínima do 1 de xaneiro de 2019, que preste o seus servizos a tempo completo e que non percibise no ano 2019 un salario bruto superior en cómputo anual ao fixado neste Convenio para o ano 2019 tendo en conta os conceptos salariais do Convenio, o concepto de *conta convenio* ou calquera outro concepto salarial compensable e absorbible. Naqueles casos nos que a antigüidade ou xornada fosen inferiores ás mencionadas anteriormente, a persoa traballadora percibirá a parte proporcional da prima.

Esta prima de convenio ten carácter non consolidable, polo que non formará parte de futuros incrementos ou negociacións, aboándose nun so pago, xunto con resto de haberes da nómina, dentro dos tres meses seguintes á publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

ARTIGO 15º: ATRASOS DE CONVENIO.- Os atrasos que resulten da aplicación do presente Convenio faranse efectivos ás persoas traballadoras nun prazo máximo de tres meses a contar dende a publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da provincia de Lugo.

ARTIGO 16º: PLUS DE CONVENIO.- Establécese para todo o persoal un plus de convenio, cotizable á Seguridade Social, cuxo importe será, dende novembro de 2019, de 122,49 euros mensuais. O importe do plus de convenio será, para o ano 2020, de 124,08 euros mensuais.

No ano 2021 o importe do plus de convenio será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021.

No ano 2022 o importe do plus de convenio será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022.

ARTIGO 17º: ANTIGÜIDADE.- Para todo o persoal afectado polo presente Convenio establécense as percepcións que seguidamente se relacionan polo concepto de antigüidade con carácter de máximas:

- 2 anos, 9,02 euros mensuais
- 4 anos, 18,03 euros mensuais
- 9 anos, 36,06 euros mensuais
- 14 anos, 54,09 euros mensuais
- 19 anos, 72,12 euros mensuais
- 24 anos, 90,15 euros mensuais
- 29 anos, 108,18 euros mensuais

O disposto anteriormente enténdese sen prexuízo dos dereitos adquiridos respecto a cantidades xa consolidadas e que veñen percibindo actualmente as persoas traballadoras.

ARTIGO 18º: PAGAS EXTRA.- As pagas serán tres: Nadal, xullo e beneficios, pagadeira esta última no mes de marzo. O importe destas pagas será, cada unha delas, igual ao salario base de 30 días establecido no convenio máis antigüidade e o seu devengo será anual.

Aos efectos do devengo das pagas extra, establécense os seguintes períodos:

Paga extra de Xullo: dende o 1 de xullo ao 30 de xuño.

Paga extra de Nadal: dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

Paga extra de Beneficios: dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro.

ARTIGO 19º: COMPLEMENTO PERSOAL DE IDIOMAS.- Para todo aquel persoal incluído no ámbito deste Convenio que para o desempeño do seu traballo faga uso dalgún idioma estranxeiro, establécense un complemento persoal cuxo importe será, dende novembro de 2019, de 129,03 euros mensuais por cada idioma empregado. O importe do complemento persoal de idiomas será, para o ano 2020, de 130,71 euros mensuais.

No ano 2021 o importe do plus de idiomas será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021.

No ano 2022 o importe do plus de idiomas será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022.

Para o recoñecemento deste complemento requirírase o uso utilitario do idioma cun nivel adecuado para o entendemento básico nun nivel de conversación comercial.

Para a determinación da aptitude necesaria e do dereito á percepción deste complemento polas persoas traballadoras afectadas a comisión mixta paritaria do convenio establecerá anualmente un mínimo dunha convocatoria de probas que se levará adiante coa concorrencia de técnicos titulados nos idiomas correspondentes, que serán os que determinarán o contido das probas a efectuar e valorarán as condicións dos concorrentes ás probas, sen menoscabo da súa ratificación polos/as representantes que integran a comisión mixta paritaria do Convenio.

ARTIGO 20º: PLUS DE PERIGOSIDADE.- Para as persoas traballadoras ao servizo da empresa á entrada en vigor do Convenio de transporte de mercadorías por estrada do ano 1993 e que manipulen ou transporten habitualmente mercadorías explosivas, inflamables ou tóxicas, establécese un plus de perigosidade na contía de 240,40 euros.

Para as persoas traballadoras que se contratasen a partires da entrada en vigor dese Convenio e que realicen as tarefas indicadas no apartado anterior, establécese un plus de 240,40 euros no caso de que se contraten por tempo inferior a un ano. Se a contratación é por tempo superior a un ano ou indefinida, a contía do referido plus é de 145,77 euros.

ARTIGO 21º: PLUS DE TRABALLO EN PLATAFORMAS LOXÍSTICAS CON CÁMARAS DE FRÍO.- Tódalas persoas traballadoras que realicen o seu traballo de xeito habitual, continuo ou discontinuo, en plataformas loxísticas con cámaras de conxelación, soportando temperaturas da banda de conxelación -18°C ou inferiores, percibirán un plus de penosidade cuxo importe será, dende novembro de 2019, de 82,28 euros mensuais. O importe deste plus de penosidade será, para o ano 2020, de 83,35 euros mensuais.

No ano 2021 o importe do plus de penosidade regulado no parágrafo anterior será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021.

No ano 2022 o importe do plus de penosidade regulado no parágrafo anterior será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022.

Entenderase devengado o plus de penosidade aínda cando a temperatura da banda de -18°C establecida para o almacenamento de produtos conxelados teña oscilacións producidas por manutención ou apertura de portas motivada pola entrada ou saída de mercadorías e cando, ademais, a persoa traballadora da plataforma loxística estibe ou cargue manualmente os produtos conxelados dende a cámara de conxelación ao vehículo.

Tódalas persoas traballadoras que realicen a seu traballo de xeito habitual, continuo ou discontinuo, en plataformas loxísticas con cámaras de conxelación en circunstancias de traballo en plataforma a temperatura de 0°C a 14°C percibirán un plus de refrixerado cuxo importe será, dende novembro de 2019, de 27,43 euros mensuais. O importe do plus de refrixerado será, para o ano 2020, de 27,79 euros mensuais.

No ano 2021 o importe do plus de refrixerado será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para cada tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021.

No ano 2022 o importe do plus de refrixerado será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para cada tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022.

En todo caso non haberá lugar ao percibo ou cobro simultáneo dos dous pluses previstos no presente artigo, isto é, se devengará un ou o outro, dependendo do posto de traballo e a exposición habitual ás circunstancias de traballo que determinan o cobro dun o de outro plus, pero non os dous simultaneamente.

Pola súa natureza, os pluses previstos no presente artigo deixarán de aboarse en tódolos casos cando desaparezan as circunstancias causantes e se dote ás persoas traballadoras das medidas de protección individual ou colectivas que eviten o risco, ou cando deixe de traballarse nesas condicións. Entenderase como medidas que eviten o risco as que supoñan que a persoa traballadora non sufra as baixas temperaturas da cámara, como é o caso de cabinas climatizadas en carretillas, sen que a mera entrega de roupa de abrigo poida ser considerada como medida de protección suficiente.

As cuantías previstas no presente artigo poderán ser obxecto de compensación e absorción con outros conceptos que viñera cobrando a persoa traballadora en función da penosidade do traballo polas baixas temperaturas das cámaras e que estean reflexados na nómina do traballador/a como plus de frío ou calquera outro de simliar natureza.

En canto ao tempo de permanencia nas cámaras de conxelación, será de aplicación en todo caso o establecido no Real Decreto 1561/1995, de 21 de setembro.

ARTIGO 22º: PLUS DE QUEBRANTO DE MOEDA

Aquelas persoas traballadoras que fagan cobros ou recaudación por conta da empresa, responsabilizándose do resultado de tales operacións, percibirán un plus de quebranto de moeda cuxo importe será, dende novembro de 2019, de 24,09 euros mensuais. O importe do plus de quebranto de moeda será, para o ano 2020, de 24,40 euros mensuais.

No ano 2021 o importe do plus de quebranto de moeda será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021.

No ano 2022 o importe do plus de quebranto de moeda será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022.

ARTIGO 23º: AXUDAS DE CUSTO.- A contía das axudas de custo queda establecida a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nas cantidades que seguidamente se relacionan:

-Destacamento, 42,41 euros

-España e Portugal, 49,11 euros

-Resto de Europa, 61,00 euros

A dieta de destacamento entrará en vigor cando a persoa traballadora leve, como mínimo, 15 días de permanencia na mesma praza.

No ano 2021 o importe das axudas de custo será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2021, sendo exigible dende a publicación de tales acordos.

No ano 2022 o importe das axudas de custo será o resultado de aplicar o incremento salarial previsto para tal anualidade á contía vixente para a anualidade anterior, plasmándose dito importe no correspondente acordo de sinatura das táboas salariais para o ano 2022, sendo exigible dende a publicación de tales acordos.

As persoas traballadoras sen dereito ao cobro de axuda de custo completa que teñan que xantar fora do seu domicilio como consecuencia do desenvolvemento do traballo ou que cheguen á praza do seu centro de traballo ou domicilio despois das 15:00 horas terán dereito ó cobro de axuda de custo polo xantar no importe, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de 10,83 euros.

As persoas traballadoras sen dereito ó cobro de axuda de custo completa que teñan que cear fora do seu domicilio como consecuencia do desenvolvemento do traballo ou que cheguen á praza do seu centro de traballo ou domicilio despois das 22:00 horas terán dereito ó cobro de axuda de custo pola cea no importe, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de 10,83 euros.

As persoas traballadoras sen dereito ó cobro de axuda de custo completa que teñan que almorzar fora do seu domicilio como consecuencia do desenvolvemento do traballo ou que saian da praza do seu centro de traballo ou domicilio antes das 7:00 horas terán dereito ó cobro de axuda de custo por almorzo no importe, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de 3,61 euros.

ARTIGO 24º: CLÁUSULA DE INAPLICACIÓN SALARIAL.- Para a regulación do descolgue salarial estarase ao disposto no Estatuto dos Traballadores. Se durante a vixencia do convenio prodúcese algunha modificación nesta norma, o descolgue salarial axustarase ao preceptuado legalmente.

CAPÍTULO IV**ACCIÓN SOCIAL**

ARTIGO 25º: INCAPACIDADE TEMPORAL DERIVADA DE ACCIDENTE DE TRABALLO E INCAPACIDADE TEMPORAL CON HOSPITALIZACION.- As empresa, no caso de Incapacidade Temporal, completarán a prestación económica da Seguridade Social ata o 100% do salario regulador da prestación de I.T. nos seguintes supostos:

1. Incapacidade Temporal derivada de accidente de traballo: mentras dure a situación de I.T.
2. Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral que motive hospitalización: polo período de duración da hospitalización.
3. Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral tras intervención quirúrxica ou postoperatorio: por un período máximo de 15 días a contar dende a intervención.
4. Incapacidade Temporal derivada de enfermidade común ou accidente non laboral: a partires do día 20 da baixa e durante un período máximo de 3 meses. O complemento, neste caso, só podrá percibirse unha vez ó ano.

A partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos supostos nos que teña lugar nun único proceso de Incapacidade Temporal o complemento tras intervención quirúrxica ou postoperatorio do número 3 do presente artigo e o complemento por I.T. derivada de enfermidade común ou accidente non laboral a partires do día 20 da baixa do número 4 do presente artigo que se percibe unha vez

ao ano, de xeito que entre unha e outra medien días sen complemento, operará o complemento nos días intermedios.

Cando, a xuízo da empresa, existan indicios razoables para presumir algunha irregularidade, poderá requerir ao traballador/a para que se someta a recoñecemento do/a facultativo/a que a empresa designe, sendo a cargo desta os gastos que se orixinen por tal motivo.

Aos efectos do previsto neste artigo, enténdese por salario regulador da prestación de IT a totalidade das retribucións correspondentes ao mes anterior á baixa cotizables á Seguridade Social, incluídas as pagas extraordinarias. Con relación ás pagas extraordinarias, no caso abono prorrateado das mesmas mes a mes o complemento mensual de IT haberá de incluír en todo caso o prorrateo das pagas extras; no caso de abono das pagas extras de xeito non prorrateado, o complemento de IT sobre as pagas extras poderá facerse no momento de devengo das pagas extraordinarias ou no complemento mensual.

ARTIGO 26º: SEGURO DE INVALIDEZ OU MORTE.- As empresas comprendidas no ámbito de aplicación deste Convenio contratarán unha póliza de seguros con primas íntegras ó seu cargo, para tódalas persoas traballadoras, que cubrirán os riscos de morte e invalidez permanente (graos de total, absoluta e grande invalidez) derivados de accidente de traballo, incluído "in itinere".

As contías serán as seguintes:

- Morte do traballador/a, 39.000 euros
- Invalidez permanente, 39.000 euros

No caso de falecemento da persoa traballadora, cobrará o seguro a persoa que designe o traballador/a no seu testamento ou, de non existir este, os seus herdeiros legais.

Queda en todo caso excluída a aplicación do disposto nos parágrafos anteriores para os supostos riscos consecuencia da comisión de delitos dolosos, riscos provocados intencionadamente polo/a asegurado ou beneficiario/a da póliza e riscos consecuencia de accidentes sufridos polo/a asegurado/a que se encontre en estado de embriaguez ou baixo os efectos de drogas tóxicas, estupefacientes ou psicotrópicos.

ARTIGO 27º: PREMIO DE CONSTANCIA.- As persoas traballadoras que, con 10 anos como mínimo de antigüidade na empresa, decidan voluntariamente xubilarse anticipadamente e sempre e cando exista acordo previo entre a persoa traballadora e a empresa, terán dereito ó disfrute de vacacións retribuídas na duración que seguidamente se relaciona:

- Aos 60 anos de idade, 10 mensualidades
- Aos 61 anos de idade, 9 mensualidades
- Aos 62 anos de idade, 7 mensualidades
- Aos 63 anos de idade, 6 mensualidades
- Aos 64 anos de idade, 4 mensualidades

A solicitude de xubilación anticipada deberá efectuala a persoa traballadora ca suficiente antelación.

Ao cumprir os 65 anos de idade, a xubilación será obrigatoria para a persoa traballadora, sempre e cando reúna o período de carencia necesario para acceder á correspondente prestación.

ARTIGO 28º: PLANES DE XUBILACIÓN PARCIAIS

28.1.- Ao amparo do previsto no artigo 8 do Real Decreto-Lei 5/2013, de 15 de marzo, establécese un Plan de Xubilacións Parciais para as persoas traballadoras incluídas no ámbito de aplicación do presente Convenio nados/as ata o 31 de decembro de 1957, cujas condicións de incorporación á xubilación parcial serán as vixentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 27/2011 –regulación anterior ao 1 de xaneiro de 2013- ca simultánea celebración dun contrato de relevo.

28.2.- De conformidade co establecido no artigo 86.1 do Estatuto dos Traballadores, que posibilita que as partes negociadoras dos convenios colectivos establezan a duración dos convenios podendo pactarse distintos períodos de vixencia para cada materia, o Plan de Xubilacións Parciais previsto neste artigo terá vixencia dende a súa sinatura en 26 de marzo de 2013 ata o 31 de decembro de 2018 inclusive, salvo que con anterioridade teña lugar modificación legal que afecte a súa regulación ou modificación da regulación prevista no presente Convenio.

28.3.- Para acceder á xubilación parcial conforme ao presente Plan de Xubilacións Parciais, a persoa traballadora interesada deberá dirixir a oportuna solicitude á dirección da súa empresa cunha antelación mínima de tres meses á data na que pretenda acceder á xubilación parcial.

A empresa receptora da solicitude, tras estudar de boa fe a solicitude ca vista posta nun acordo, tendo en conta a situación da empresa nese momento, no caso de considerar pertinente a solicitude, acordará coa persoa traballadora o acceso á situación de xubilación parcial de conformidade co presente Plan de Xubilacións Parciais.

28.4.- Con carácter xeral o acceso á xubilación parcial ao amparo do presente Plan haberá de ter lugar ca redución máxima da xornada que permite a normativa vixente con anterioridade á entrada en vigor da Lei

27/2011 [75%], salvo que medie acordo entre empresa e a persoa traballadora en orden á aplicación dun porcentaxe menor ou maior de redución de xornada, dentro dos límites permitidos por tal normativa.

28.5.- Con carácter xeral a parte da xornada que subsista para a persoa traballadora parcialmente xubilada ao amparo do presente Plan se acumulará anualmente a xornadas completas, sexa nun único prazo ou en varios prazos temporais, salvo que medie acordo entre empresa e persoa traballadora noutro senso.

28.6.- A persoa traballadora xubilada parcialmente percibirá a parte proporcional do salario que corresponda en función da xornada traballada, remuneración que percibirá de xeito mensual con independencia da acumulación da xornada en xornadas completas.

28.7.- A persoa traballadora xubilada parcialmente ao amparo do presente Plan estará obrigado a solicitar a xubilación ordinaria ao cumprir a idade de xubilación ordinaria prevista no artigo 161.1.a) e na Disposición

Transitoria Vigésima da Lei Xeral da Seguridade Social, data na que quedará extinguida a súa relación contractual ca empresa pasando a situación de xubilado total a todos os efectos.

CAPITULO V

CONTRATACIÓN

ARTIGO 29º: COMPROMISO DE EMPREGO ESTABLE.- Co fin de acadar unha maior estabilidade no emprego, as partes asinantes acordan fomentar a contratación indefinida, establecendo un cadro de persoal fixo mínimo nas empresas de máis de tres persoas traballadoras do 45% do cadro de persoal total.

Aos efectos do cálculo do cadro de persoal fixo das empresas, tomaráse en conta a media dos últimos 24 meses.

Exceptúanse do previsto neste artigo as empresas de nova creación e as empresa que, durante a vixencia do Convenio, incrementen o seu cadro de persoal total de xeito significativo, entendéndose que ten lugar incremento significativo cando incrementen o número de persoas traballadoras da empresa a lo menos nun 30%.

As empresas ás que se fai referencia no parágrafo anterior, disporán dun período de carencia de dous anos para o cumprimento do cadro de persoal fixo mínimo de xeito que, ao cumprirse tres anos, ben dende a creación da empresa, ben dende o incremento significativo do emprego, ditas empresas haberán de cumprir o establecido no presente artigo tomándose como referencia a media do cadro de persoal fixo dos últimos 12 meses.

ARTIGO 30º: MODALIDADES DE CONTRATACIÓN

Contrato en prácticas.- O contrato de traballo en prácticas, que poderá celebrarse con persoas traballadoras en posesión de titulación universitaria ou formación profesional de grado medio ou superior ou títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, terá por finalidade facilitar a práctica profesional das persoas traballadoras para perfeccionar os seus coñecementos e adaptalos ó nivel de estudos cursados.

Dito contrato non poderá ter unha duración inferior a seis meses nin exceder de dous anos.

Contrato para a formación.- O contrato de traballo para a formación, que poderá celebrarse con persoas traballadoras con idade superior ós 16 anos e inferior ós 21 anos, salvo as excepcións previstas na lexislación, terá por finalidade a adquisición da formación teórica e práctica necesaria para o desempeño axeitado dun oficio ou posto de traballo cualificado.

Dito contrato non poderá ter unha duración inferior a seis meses nin exceder de dous anos e necesariamente o tempo adicado a formación teórica non poderá ser inferior ó 15% da xornada máxima.

Contrato de relevo.- O contrato de traballo de relevo, que poderá celebrarse con persoas traballadoras desempregadas o que tiveran concertado ca empresa un contrato de duración determinada, se concertará para substituír a xornada de traballo deixada vacante pola persoa traballadora que se xubila parcialmente.

A duración do contrato, no caso de xubilación parcial da idade ordinaria de xubilación, terá que ser indefinida ou como mínimo polo tempo que falte á persoa traballadora substituída para alcanzar a idade ordinaria de xubilación. No caso de xubilación parcial despois de cumprir a idade ordinaria de xubilación, a duración do contrato terá que ser indefinida ou anual.

Contrato de duración determinada regulado no artigo 15.1.b) do Real Decreto Lexislativo 1/1995, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.- Estes contratos poderán celebrarse cunha duración máxima de doce meses nun período de dezaioito meses.

CAPITULO VI

DEREITOS SINDICAIS

ARTIGO 31º: DEREITOS SINDICAIS.- As empresas poderán deducir, a través das nóminas, as cotas correspondentes ós/ás afiliados/as ás centrais sindicais que corresponda. Os interesados deberán solicitalo por escrito á dirección da empresa. Os importes retidos serán entregados á persoa ou entidade que designe a central sindical correspondente.

ARTIGO 32º: GARANTÍAS SINDICAIS.-**Membros de Comités de Empresa ou Delegados de Persoal**

Ningún membro do Comité de Empresa ou Delegado/a de Persoal poderá ser despedido/a ou sancionado/a durante o exercicio das súas funcións nin dentro do ano seguinte, no seu caso, do remate do seu mandato, salvo que esta se produza por revocación ou dimisión, e sempre que o despedimento ou sanción se basee na actuación da persoa traballadora no exercicio legal da súa representación.

Se o despedimento ou calquera outra sanción por supostas faltas graves ou moi graves obedeceran a outra causa, deberá tramitarse expediente contradictorio no que serán oídos, aparte do interesado/a, o Comité de Empresa ou Delegado Sindical, no suposto de que estea recoñecido/a como tal na empresa.

Os membros de Comités de Empresa ou Delegados/as de Persoal non poderán ser discriminados/as na súa promoción económica ou profesional por causa ou razón do desempeño da súa representación.

Os/as representantes legais das persoas traballadoras poderán exercer a liberdade de expresión no interior da empresa nas materias propias da súa representación, podendo publicar ou distribuír, sen perturba-lo normal desenvolvemento do proceso productivo, aquelas publicacións de interese laboral ou social, comunicando todo iso previamente á empresa, exercendo tales tarefas de acordo coa normativa legal vixente ó efecto.

Os membros de Comités de Empresa ou Delegados/as de Persoal disporán do crédito de horas mensuais retribuídas que a lei determine.

Sen rebasa-lo máximo legal, poderán ser consumidas horas retribuídas de que dispoñen os membros de Comités de Empresa ou Delegados/as de Persoal, co fin de preve-la asistencia a cursos de formación organizados polos sindicatos.

Delegados/as de Prevención

Os Delegados/as de Prevención, en tanto que representantes legais das persoas traballadoras con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo, haberán de ser provistos/as pola empresa da formación que precisen para realizar a súas funcións, tendo a consideración de tempo efectivo de traballo, sen imputación ó crédito horario que lles corresponda en tanto que representantes das persoas traballadoras, o tempo adicado a esta formación.

Igualmente terá a consideración de tempo efectivo de traballo, sen imputación ó citado crédito horario, o adicado a acompañamento de técnicos na avaliación de carácter preventivo; o acompañamento a inspectores/as de traballo nas visitas de verificación en materia de prevención; o tempo no que o/a empresario/a informe ó/a Delegado/a dos danos producidos na saúde das persoas traballadoras; as reunións do comité de seguridade e saúde; e as reunións convocadas polo/a empresario/a en materia de prevención de riscos laborais.

ARTIGO 33º: TABOIRO DE ANUNCIOS.- Tódalas empresas afectadas por este Convenio facilitarán ás persoas traballadoras un taboleiro de anuncios. A utilización do mesmo estará circunscrita a temas de carácter laboral ou sindical, entendidos amplamente. O taboleiro de anuncios poderá ser empregado tamén polas empresas para a inclusión de calquera anuncio ou comunicación que consideren de interese.

CAPÍTULO VII**DISPOSICIÓN VARIAS****ARTIGO 34º: IGUALDADE E CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR E LABORAL**

As partes asinantes do presente Convenio consideran esencial o fomento da armonización ou conciliación da vida familiar e laboral e promover a igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres.

Consecuentemente co anterior, no ámbito do presente Convenio non haberá lugar a discriminación algunha por razón de sexo, relixión, raza, etc., sendo reprimidas tales condutas de conformidade ca lexislación vixente.

En todo caso, en materia de igualdade de trato e oportunidades e en materia de medidas e planes de igualdade, estarase ao regulado no artigo 51 do Acordo Xeral de Empresas de Transporte de Mercaderías por Estrada [BOE de 29 de marzo de 2012].

Do mesmo xeito, no ámbito do presente Convenio, se velerá polo máximo respecto á dignidade da persoa traballadora, cuidando especialmente que non teñan lugar condutas de acoso moral ou sexual ou vexación de calquera tipo, sendo reprimidas tales condutas de conformidade ca lexislación vixente.

Maternidade

De conformidade co establecido na lexislación, nos supostos de nacemento de fillo/a, adopción e garda con fins de adopción ou acollemento, a traballadora terá dereito a un descanso de 16 semanas ininterrompidas ampliables, no caso de nacemento, adopción ou acollemento múltiple, a 2 semanas mais por cada fillo/a a partires do segundo. Este descanso será distribuído pola interesada sempre que 6 semanas se disfruten inmediatamente despois do parto.

A suspensión por maternidade poderá ser disfrutada pola nai ou polo pai nos termos establecidos na lexislación.

Esta suspensión poderá ser disfrutada en réxime de xornada parcial previo acordo entre empresario/a e persoa traballadora e dará dereito ó cobro do subsidio ou prestación económica por maternidade, a abonar polo INSS nos termos legalmente previstos.

Paternidade

De conformidade co establecido na lexislación, nos supostos de nacemento de fillo/a, adopción ou acollemento, o traballador terá dereito a un descanso na duración que a normativa laboral estableza en cada momento.

Esta suspensión, que é independente do disfrute compartido dos períodos de descanso por maternidade, poderá ser disfrutada en réxime de xornada parcial previo acordo entre empresario/a e traballador e dará dereito ao cobro do subsidio ou prestación económica por paternidade, a abonar polo INSS nos termos legalmente previstos.

Lactancia

Nos supostos de nacemento, adopción e garda con fins de adopción ou acollemento, as persoas traballadoras terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións, para o coidado do/da lactante ata que cumpra nove meses. O persoal poderá substituír este dereito, pola súa vontade, por unha redución da xornada en media hora coa mesma finalidade ou, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, acumulalo en 12 xornadas completas de traballo á finalización da suspensión do contrato por nacemento de fillo/a, adopción ou garda con fins de adopción ou acollemento.

Excedencia por coidado de menores e parentes

As persoas traballadoras terán dereito a disfrutar de excedencia para o coidado de fillos/as, tanto o sexan por natureza como adopivos/as ou nos supostos de acollemento, excedencia cuxa duración máxima será de 3 anos a contar dende a data de nacemento do/a fillo/a ou, no seu caso, da resolución administrativa ou xudicial. Cando o pai e a nai traballen, só un deles poderá exercitar este dereito.

As persoas traballadoras terán igualmente dereito a disfrutar de excedencia, cuxa duración máxima será de 2 anos, para atender ó coidado dun/dunha parente ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poda valerse por si mesmo/a sempre que non desempeñe actividade retribuída.

En tales supostos a persoa traballadora terá dereito, durante o primeiro ano de excedencia, á reserva do seu posto de traballo e, durante o resto da excedencia, dereito á reserva dun posto de traballo do mesmo grupo profesional ou categoría equivalente, sendo todo o período de excedencia computable ós efectos de antigüidade.

As excedencias contempladas no presente apartado poderán disfrutarse de xeito fraccionado e constitúen un dereito individual dos traballadores, homes e mulleres. Non obstante, se dous o máis persoas traballadoras da mesma empresa xerasen este dereito polo mesmo suxeto causante, o/a empresario/a poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

ARTIGO 35º: CARNÉ DE CONDUCIR.- Os condutores/as e quen, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa, por orde e conta da mesma, se lles retire o seu permiso de conducción por tempo non superior a 6 meses, serán acoplados/as este tempo a outro traballo, aínda que sexa de categoría profesional inferior, nalgún dos servizos de que dispoña a empresa, e seguirá percibindo o salario correspondente á súa categoría.

Os condutores/as cunha antigüidade mínima de a lo menos un ano na empresa a quen, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa, por orde e conta da mesma, se lles reitere o seu permiso de conducción por tempo superior a 6 meses, serán acoplados/as este tempo a outro traballo sempre que exista vacante na empresa que permita tal cambio e sempre que a persoa traballadora sancionada conte coa necesaria aptitude para o desempeño no posto de traballo vacante. En tal caso, a persoa traballadora percibirá o salario correspondente á categoría na que pase a prestar servizos.

No suposto do parágrafo anterior, de non existir vacante na empresa ou de non concurrir a necesaria aptitude por parte da persoa traballadora, ésta poderá solicitar excedencia especial con reserva do seu posto de traballo. Durante o tempo de excedencia a persoa traballadora queda eximida da súa obriga de traballar e a empresa da súa obriga de aboar salarios e cotizar á Seguridade Social, se ben o tempo de excedencia computará na súa totalidade ós efectos de cómputo da antigüidade.

Queda en todo caso excluída a aplicación do disposto nos parágrafos anteriores para os seguintes supostos:

1. Privación debida á comisión de delitos dolosos.
2. Privación debida á ingesta de bebidas alcohólicas ou estupefacientes.
3. Reincidencia, entendendo por tal que a persoa traballadora xa disfrutara con anterioridade dos beneficios previstos neste artigo (ben posto de traballo alternativo ben excedencia) nos últimos 24 meses.

Naqueles supostos nos que, operando os beneficios previstos neste artigo, a persoa traballadora teña pendente o disfrute de vacacións, as mesmas se disfrutarán necesariamente durante o tempo de privación do permiso de conducción.

As empresas virán obrigadas a aboar o 50% do precio dos cursos de reciclaxe/reobtención do permiso de conducir ós conductores/as que, como consecuencia de conducir un vehículo da empresa por orde e conta da mesma, se vexan privados de tal permiso. Enténdese que a privación é a estes efectos consecuencia da conducción dun vehículo da empresa cando a lo menos un 80% da perda de punto proveña de tal conducción.

Queda en todo caso excluída a aplicación do disposto no parágrafo anterior para os supostos de privación debida á comisión de delitos dolosos, á ingesta de bebidas alcohólicas ou estupefacientes ou no caso de reincidencia, entendendo por tal que a persoa traballadora xa disfrutara con anterioridade dos beneficios previstos no parágrafo anterior deste artigo nos últimos 24 meses.

ARTIGO 36º: MULTAS E SANCIÓN.- Os conductores/as estarán obrigados a entregar á empresa o boletín de denuncia que, no seu caso, se expedira, con carácter xeral cando dean conta do viaxe ou servizo e sempre co tempo necesario para que a empresa poida facer uso do dereito a recorrer a sanción.

Aos efectos de deixar constancia do cumprimento desta obriga, a empresa lle entregará á persoa traballadora xustificante da entrega do boletín.

ARTIGO 37º: FORMACIÓN PROFESIONAL.-

Comisión Paritaria Provincial

As partes signatarias acordan constituír unha Comisión Paritaria Provincial Sectorial de Formación Profesional, integrada por dous representantes de CC.OO e un número igual de representantes das Asociacións asimismo asinantes.

Serán funcións desta Comisión:

- Requirir das Administracións autonómicas competentes o recoñecemento desta Comisión como interlocutor social sectorial, que reciba a información existente sobre programas e cursos de formación profesional con financiamento oficial que afecten ó sector de Transportes, co fin de colaborar tanto nos que estean en marcha , como nos que poidan programar en diante.
- Elaborar estudos sobre necesidades e requirimentos de formación profesional no sector para chegar a definir a organización e programación da mesma, tanto ocupacional como regulamentada (observatorio ocupacional).
- Elaborar planos formativos necesarios para conseguir a homologación das cualificacións profesionais das persoas traballadoras técnicas, administrativas e manuais, cos seus equivalentes na Comunidade Económica Europea, con vistas á entrada en vigor do Mercado Único.
- Cantas outras funcións a Comisión se atribúa, orientadas ó desenvolvemento e mellora da Formación Profesional no sector na provincia de Lugo.

Formación continua obligatoria

A asistencia a cursos de formación continua obligatoria no ámbito do transporte de mercaderías por estrada, dirixidos a manter actualizados o coñecementos inicialmente exixidos, computará como tempo de traballo efectivo.

Aos efectos anteriores, enténdese por cursos obrigatorios os impostos pola autoridade competente sen cuxa superación non cabe desenvolver o traballo para o que a persoa traballadora fora contratada e para o que inicialmente estaba cualificada.

Ao respecto terase en conta o previsto no artigo 64 do Acordo Xeral de Empresas de Transporte de Mercaderías por Estrada, relativo a formación de reciclaxe dos/das conductores/as ou regulación que o substitúa.

Promoción profesional

As persoas traballadoras terán dereito a disfrutar dos permisos non retribuídos necesarios para concurrir a exames para a obtención de títulos académicos ou profesionais.

ARTIGO 38: ROUPA DE TRABALLO.- Tódolas persoas traballadoras terán dereito a que as empresas lles provean da roupa de traballo e calzado de seguridade que resulte necesario en función do traballo a desenvolver e tendo en conta as cuestións de xénero ao efecto.

ARTIGO 39º.- SAÚDE LABORAL.- A Lei 31/1995, de 10 de novembro, establece e regula as normas que teñen que rexir nas empresas en materia de saúde laboral e seguridade no traballo, así como os dereitos e deberes dos empresarios/as e das persoas traballadoras e as competencias que, nesta materia, teñen os delegados/as de prevención e comités de seguridade e saúde.

Conforme a tal normativa, as persoas traballadoras teñen dereito a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde laboral, que supón a existencia dun correlativo deber da empresa de protección das persoas traballadoras fronte aos riscos laborais que se reflexa nunha acción preventiva planificada a partires da preceptiva avaliación de riscos que terá que realizarse tendo en conta a natureza da actividade, os posibles riscos especiais da mesma e outras especializadas do transporte tal é a consideración da cabina do vehículo como lugar de traballo no caso dos traballadores/as móbiles.

Nos termos establecidos na normativa vixente, as empresas garantirán ás persoas traballadoras ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo, vixilancia que so poderá levarse a cabo cando a persoa traballadora preste o seu consentimento, coas excepcións que, no seu caso, acorde a Comisión Paritaria do Acordo Xeral para as empresas de transporte de mercadorías por estrada.

As persoas traballadoras e a representación do persoal deben contribuir á integración da prevención de riscos na súa empresa e colaborar na adopción e cumprimento das medidas preventivas a través dos dereitos de participación que lles recoñece a normativa vixente, participación que inclúe a consulta acerca da implantación e aplicación do plan de prevención de riscos laborais da empresa, a avaliación dos riscos e planificación e organización preventiva no seu caso, así como o acceso á documentación correspondente.

Protección da muller embarazada

A avaliación de riscos terá que comprender a natureza, grado e duración da exposición das traballadoras en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condicións de traballo que poidan incidir negativamente na saúde das traballadoras ou do feto. Se os resultados da avaliación revelaran un risco para a seguridade da saúde ou unha posible repercusión sobre o embarazo das traballadoras ou a lactancia, o/a empresario/a adoptará as medidas necesarias para evitar o risco a medio dunha adaptación das condicións de traballo da traballadora afectada. Se isto non fose suficiente, o/a empresario/a, previa consulta coa representación legal do persoal, ofertará á traballadora un posto de traballo ou unha función diferente acorde co seu estado.

Capacidade diminuída

Aquelas persoas traballadoras ás que lles sexa recoñecida unha incapacidade permanente total terán preferencia para ocupar vacantes que se produzan na empresa en postos acordes a súa capacidade, sempre que contén coa aptitude ou idoneidade necesarias para o novo posto. Exclúense deste suposto as vacantes que teñan lugar en postos de traballo que impliquen unha relación de especial confianza co/coa empresario/a, tal é o caso de xefaturas, encargado/a, xerente, etc.

En tales casos a persoa traballadora pasará a ocupar a categoría profesional que corresponda ás novas funcións e tarefas a realizar, percibindo a retribución correspondente a dita categoría.

Comisión de Saúde Laboral

Créase no ámbito do presente Convenio a Comisión Provincial Sectorial de Saúde Laboral de Transporte de Mercadorías por Estrada, que terá carácter técnico-consultivo e que, no caso de decisión unánime dos seus membros, poderá chegar a acordos en materia de saúde laboral e prevención de riscos.

A Comisión á que se refire o presente Artigo terá carácter paritario e estará composta por tres membros da parte patronal e tres membros da central sindical CC.OO.

A Comisión reunirse cando o solicite calquera das entidades asinantes e, con carácter fixo, unha vez ó ano.

Ás reunións da Comisión poderán asistir, con voz pero sen voto, asesores das entidades asinantes.

ARTIGO 40º.- CLASIFICACIÓN PROFESIONAL.- O persoal que preste os seus servizos nas empresas incluídas no ámbito de aplicación do presente Convenio se clasificarán conforme aos grupos profesionais regulados nos artigos 13 e seguintes do Acordo Xeral de Empresas de Transporte de Mercaderías por Estrada [BOE de 29 de marzo de 2012].

De conformidade con dito texto, o personal que preste servizos nas empresas incluídas no ámbito de aplicación do presente Convenio se clasificarán nos seguintes Grupos Profesionais:

Grupo I.- Persoal Superior e Técnico

Se entende por tal o que, con propia iniciativa e dentro das normas dictadas pola Dirección o por os/as seus/suas superiores xerárquicos/as, exerce funcións de carácter técnico e/ou de mando e organización. Non se inclúe a quenes, polas características dos seus contratos e/ou o desempeño do seu cometido, corresponda a calificación de “persoal de alta dirección”.

Grupo II.- Persoal Administrativo

Se entende por tal o que, nas distintas dependencias ou servizos da empresa, realizan funcións de carácter administrativo, burocráticas e/ou de contabilidade, incluídas as persoas traballadoras con medios informáticos ou ofimáticos e os de facturación; están asimesmo comprendidas as funcións de mantemento, control e atención de carácter xeral non incluídas noutro grupo profesional.

Grupo III.- Persoal de movemento

Se entende por tal o que se adica ao movemento, clasificación e arrastre de mercadorías nas instalacións da empresa ou for a delas, incluído o mantemento de vehículos.

Grupo IV.- Persoal de Servizos Auxiliares

Se entende por tal o que se adica a actividades auxiliares da principal da empresa, tanto nas instalacións desta coma fora das mesmas.

Na táboa salarial anexa ao presente convenio se fai constar o Grupo Profesional ao que quedan adscritos os diferentes postos de traballo.

ARTIGO 41º.- SUBROGACIÓN DO PERSOAL NOS CONTRATOS COAS ADMINISTRACIÓN E ENTES PÚBLICOS.- Ao obxecto de contribuir e garantir o principio de estabilidade no emprego, as partes conveñen en establecer, a partires da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, unha cláusula de subrogación do persoal nos contratos coas administración e entes públicos suxeitos a licitación conforme a Lei de Contratos do Sector Público.

Conforme ao previsto no parágrafo anterior, se á finalización dun contrato público, pola causa que sexa, a empresa prestataria do servizo é substituída nunha nova licitación por outra empresa que resulte adxudicataria do citado servizo, as persoas traballadoras da empresa cesante terán dereito a pasar á nova adxudicataria, quen se subrogará en todos os dereitos e obrigas derivadas das relacións laborais, coas limitacións e exclusións que a continuación se expoñen:

a) A subrogación só alcanzará ás persoas traballadoras da empresa cesante con contrato de calquera tipo en vigor á data de facerse efectiva a subrogación cunha antigüidade igual ou superior a seis meses na contrata, entendéndose a estes efectos que se reúne o requisito de antigüidade cando a persoa traballadora tivera prestado servizos á contrata con adicación plena durante os seis meses anteriores á subrogación, non aplicándose por tanto esta ás persoas traballadoras que estiveran vinculadas á empresa cesante en outras contratas ou servizos total ou parcialmente.

Aos efectos do cumprimento deste apartado, considérase que existe adicación plena aínda que a persoa traballadora prestase traballo en outras contratas ou servizos sempre que, en termos de xornada anual, estes últimos servizos non superen o 20% da xornada máxima ordinaria prevista no Convenio Colectivo para o período avaliado, contemplada proporcionalmente nos supostos de contratos a tempo parcial, nos derradeiros seis meses efectivamente traballados inmediatamente anteriores á data de vencemento da contrata que xera dereito á subrogación.

b) A subrogación tamén alcanzará ao persoal que, reunindo os requisitos establecidos no apartado anterior, estean incurso nalgunha das causas de suspensión do contrato previstas no artigo 45 do vixente Estatuto dos Traballadores así como ás persoas traballadoras que estiveran contratados/as para substituír a aqueles/as a medio de contrato de interinidade, non sendo de aplicación nestes derradeiros supostos –interinos/as-, o requisito de seis meses de antigüidade previsto no apartado anterior.

c) A subrogación tamén alcanzará ao persoal que, reunindo os requisitos establecidos no apartado a), estén en situación de xubilación parcial así como ás persoas traballadoras que estiveran contratados/as para substituír a xornada de xubilación parcial a medio de contrato de relevo, non sendo de aplicación neste derradeiros supostos –relevistas- o requisito de seis meses de antigüidade previsto no apartado a).

d) A natureza temporal, no seu caso, dos contratos do persoal subrogable non se desvirtuará polo feito de que opere a subrogación, polo que se extinguirán na data pactada nos mesmos.

e) Para facer efectiva a subrogación, a nova empresa adxudicataria comunicará á empresa saínte, de xeito fidedigno, ser a nova adxudicataria.

f) A súa vez, a empresa saínte virá obrigada a comunicar á empresa entrante ou nova adxudicataria o seu cesamento na contrata, así como a relación nominal do persoal que ten que ser subrogado de conformidade co presente artigo. A estes efectos a empresa saínte entregará á empresa entrante ou nova adxudicataria, no prazo máximo de 5 días laborais a contar dende que teña coñecemento da nova empresa adxudicataria, a seguinte documentación:

Relación completa do persoal ao que alcanza o dereito de subrogación.

Copia dos contratos individuais e, no seu caso, prórrogas, das persoas traballadoras ás que alcanza o dereito de subrogación.

Copia das nóminas dos derradeiros seis meses das persoas traballadoras aos que alcanza o dereito de subrogación, así como a liquidación de haberes destes/as.

Certificado de estar ao corrente no pago de cotas á Seguridade Social.

Copia dos TC2 dos derradeiros seis meses.

No seu caso, copia dos pactos de empresa subscritos coa representación legal das persoas traballadoras, debidamente rexistrados. Estes pactos serán de obrigado cumprimento para a empresa entrante sempre que se subscribisen con seis meses de antelación, esixíndose o mesmo requisito de antigüidade para o respecto ás melloras ou condicións mais beneficiosas das establecidas no presente Convenio Colectivo.

g) A empresa saínte será a única responsable do pago de salarios e cotas de Seguridade Social correspondentes ao período de tempo no que as persoas traballadoras subrogadas estiveran ao seu servizo.

ARTIGO 42º.- RÉXIME DICIPLINARIO.- Na procura de manter un ambiente laboral respetuoso coa normal convivencia, ordeación técnica e organización da empresa, a dirección desta poderá sancionar as accións ou omisións culpables das persoas traballadoras que supoñan un incumprimento contractual dos seus deberes laborais de acordo coa graduación de faltas, procedemento e sancións previstas no Acordo Xeral para as Empresas de Transporte de Mercadorías por Estrada vixente en cada momento.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Única.- As partes asinantes comprométese a reunila Comisión Paritaria do Convenio para o caso de que se produza unha modificación na regulación dos tempos de conducción e descanso e que esta entre en vigor durante a vixencia do Convenio, elo co fin de analizar as modificacións que se produciran e a súa repercusión en materia de xornada.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira.- Aos efectos de evitar retrasos na publicación do Convenio no futuro, as partes asinantes comprométese a constituir a Comisión Negociadora do próximo Convenio entre o 1 e o 10 de Novembro de 2022.

Segunda.- Os atrasos aos que haxa lugar como consecuencia da publicación do presente Convenio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo faránse efectivos no prazo de dous meses dende dita publicación.

TÁBOA SALARIAL 2014-2018 CONVENIO TRANSPORTE MERCADORÍAS POR ESTRADA

Efectos dende 01/11/2019

POSTO DE TRABALLO	SOLDO BASE	PLUS CONVENIO	RETRIBUC. ANUAL
GRUPO 1.- PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR			
Subgrupo A			
Xefe de Servicio	1.401,13	120,44	22.462,23
Inspector principal	1.250,31	120,44	20.199,93
Subgrupo B			
Enxeñeiro e Licenciado	1.244,17	120,44	20.107,83
Enxeñeiro Técnico e Auxiliar Titulado	1.041,60	120,44	17.069,28
Axudante Técnico Sanitario	967,18	120,44	15.952,98
GRUPO 2.- PERSOAL ADMINISTRATIVO			
Xefe de Sección	1.072,81	120,44	17.537,43
Xefe de Negociado	1.011,28	120,44	16.614,48
Oficial de 1ª	948,36	120,44	15.670,68
Oficial de 2ª	921,60	120,44	15.269,28
Auxiliar Administrativo	921,60	120,44	15.269,28
Sección 2ª.- Persoal de Axencias de Transporte			
Encargado Xeral	1.105,53	120,44	18.028,23
Encargado de Almacén	1.063,66	120,44	17.400,18
Capataz	1.021,80	120,44	16.772,28
Auxiliar de Almacén e Báscula	921,60	120,44	15.269,28
Mozo Especializado (día)	30,76	120,44	15.441,08
Mozo Carga e Descarga e Reparto (día)	30,76	120,44	15.441,08

Subgrupo B.- Transporte de Mercadorías

Xefe de Tráfico de 1ª	1.105,53	120,44	18.028,23
Xefe de Tráfico de 2ª	1.063,66	120,44	17.400,18
Xefe de Tráfico de 3ª	1.021,80	120,44	16.772,28
Conductor Mecánico (día)	33,07	120,44	16.492,13
Conductor (día)	32,23	120,44	16.109,93
Conductor-Repertidor (día)	33,07	120,44	16.492,13
Conductor Motocicleta e Furgoneta (día)	31,29	120,44	15.682,23
Axudante (día)	30,76	120,44	15.441,08
Mozo Especializado (día)	30,76	120,44	15.441,08
Mozo (día)	30,76	120,44	15.441,08

Sección 1ª.- Grupo E: Garaxes e Aparcamentos

Encargado Xeral de 1ª	1.105,53	120,44	18.028,23
Encargado Xeral de 2ª	1.063,67	120,44	17.400,33
Encargado de Almacén	1.021,80	120,44	16.772,28
Engraxador-Lavacoches (día)	30,76	120,44	15.441,08
Garda Caixeiro (día)	30,76	120,44	15.441,08
Garda de Noite e Día. Mozo (día)	30,76	120,44	15.441,08

Sección 2ª.- Grupo F: Estacións de Lavado e Engrase

Encargado de 1ª	1.105,53	120,44	18.028,23
Encargado de 2ª	1.063,67	120,44	17.400,33
Engraxador. Mozo de Servicio (día)	28,20	120,44	14.276,28

Subgrupo F.- Transporte de Mobles, Mudanzas e Gardamobles

Xefe de Tráfico	1.105,53	120,44	18.028,23
Inspector Visitador	1.063,66	120,44	17.400,18
Encargado de almacén gardamobles. Capataz	1.021,80	120,44	16.772,28
Mozo Espacilizado (día)	30,94	120,44	15.522,98
Mozo (día)	30,76	120,44	15.441,08
Carpinteiro (día)	31,90	120,44	15.959,78
Conductor Mecánico (día)	33,07	120,44	16.492,13
Conductor (día)	32,21	120,44	16.100,83
Conductor Furgoneta e Motocicleta (día)	31,29	120,44	15.682,23
Capitonista (día)	31,02	120,44	15.559,38

GRUPO 4.- PERSOAL DE TALLERES

Xefe de Taller	1.146,50	120,44	18.642,78
----------------	----------	--------	-----------

Encargado ou Contramestre	1.026,46	120,44	16.842,18
Encargado Xeral	990,81	120,44	16.307,43
Encargado de Almacén	953,07	120,44	15.741,33
Xefe de Equipo (día)	33,53	120,44	16.701,43
Oficial de 1ª (día)	32,67	120,44	16.310,13
Oficial de 2ª (día)	31,29	120,44	15.682,23
Oficial de 3ª. Mozo de Taller (día)	30,76	120,44	15.441,08

GRUPO 5.- PERSOAL DE GRÚAS

Conductor Mecánico (día)	42,91	120,44	20.969,33
Conductor Gruísta (día)	39,49	120,44	19.413,23
Operador de Grúa (día)	36,08	120,44	17.861,68

PERSOAL SUBALTERNO

Cobrador de Facturas, Telefonista, Porteiro e Vixiante	934,50	120,44	15.462,78
Limpadora (por horas)	12,30	120,44	7.041,78

TÁBOA SALARIAL 2019 CONVENIO TRANSPORTE MERCADORÍAS POR ESTRADA

Vixencia: Dende 01/11/2019

POSTO DE TRABALLO	GRUPO PROF.	SOLDO BASE	PLUS CONVENIO	RETRIBUC. ANUAL
PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR				
Subgrupo A				
Xefe de Servicio	I	1.424,95	122,49	22.844,13
Inspector principal	I	1.271,57	122,49	20.543,43
Subgrupo B				
Enxeñeiro e Licenciado	I	1.265,32	122,49	20.449,68
Enxeñeiro Técnico e Auxiliar Titulado	I	1.059,31	122,49	17.359,53
Axudante Técnico Sanitario	IV	983,62	122,49	16.224,18
PERSOAL ADMINISTRATIVO				
Xefe de Sección	I	1.091,05	122,49	17.835,63
Xefe de Negociado	I	1.028,47	122,49	16.896,93
Oficial de 1ª	II	964,48	122,49	15.937,08
Oficial de 2ª	II	937,27	122,49	15.528,93
Auxiliar Administrativo	II	937,27	122,49	15.528,93
PERSOAL DE AXENCIAS DE TRANSPORTE				
Encargado Xeral	I	1.124,32	122,49	18.334,68

Encargado de Almacén	III	1.081,74	122,49	17.695,98
Capataz	III	1.039,17	122,49	17.057,43
Auxiliar de Almacén e Báscula	III	937,27	122,49	15.528,93
Mozo Especializado (día)	III	31,28	122,49	15.702,28
Mozo Carga e Descarga e Reparto (día)	III	31,28	122,49	15.702,28

PERSOAL DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS**I**

Xefe de Tráfico de 1ª	I	1.124,32	122,49	18.334,68
Xefe de Tráfico de 2ª	III	1.081,74	122,49	17.695,98
Xefe de Tráfico de 3ª	III	1.039,17	122,49	17.057,43
Conductor Mecánico (día)	III	33,63	122,49	16.771,53
Conductor (día)	III	32,78	122,49	16.384,78
Conductor-Repatriador (día)	III	33,63	122,49	16.771,53
Conductor Motocicleta e Furgoneta (día)	III	31,82	122,49	15.947,98
Axudante (día)	III	31,28	122,49	15.702,28
Mozo Especializado (día)	III	31,28	122,49	15.702,28
Mozo (día)	III	31,28	122,49	15.702,28

PERSOAL DE GARAXES E APARCAMENTOS

Encargado Xeral de 1ª	I	1.124,32	122,49	18.334,68
Encargado Xeral de 2ª	I	1.081,75	122,49	17.696,13
Encargado de Almacén	III	1.039,17	122,49	17.057,43
Engraxador-Lavacoches (día)	IV	31,28	122,49	15.702,28
Garda Caixeiro (día)	IV	31,28	122,49	15.702,28
Garda de Noite e Día. Mozo (día)	IV	31,28	122,49	15.702,28

PERSOAL DE ESTACIÓNS DE LAVADO E ENGRASE

Encargado de 1ª	I	1.124,32	122,49	18.334,68
Encargado de 2ª	I	1.081,75	122,49	17.696,13
Engraxador. Mozo de Servicio (día)	IV	28,68	122,49	14.519,28

PERSOAL DE TRANSPORTE DE MOBLES, MUSANZAS E GARDAMOBLES

Xefe de Tráfico	I	1.124,32	122,49	18.334,68
Inspector Visitador	I	1.081,74	122,49	17.695,98
Encargado de almacén gardamobles. Capataz	III	1.039,17	122,49	17.057,43
Mozo Espacilizado (día)	III	31,47	122,49	15.788,73
Mozo (día)	III	31,28	122,49	15.702,28
Carpinteiro (día)	IV	32,44	122,49	16.230,08
Conductor Mecánico (día)	III	33,63	122,49	16.771,53

Conductor (día)	III	32,76	122,49	16.375,68
Conductor Furgoneta e Motocicleta (día)	III	31,82	122,49	15.947,98
Capitonista (día)	III	31,55	122,49	15.825,13

PERSOAL DE TALLERES

Xefe de Taller	I	1.165,99	122,49	18.959,73
Encargado ou Contramestre	I	1.043,91	122,49	17.128,53
Encargado Xeral	I	1.007,65	122,49	16.584,63
Encargado de Almacén	III	969,27	122,49	16.008,93
Xefe de Equipo (día)	III	34,10	122,49	16.985,38
Oficial de 1ª (día)	IV	33,23	122,49	16.589,53
Oficial de 2ª (día)	IV	31,82	122,49	15.947,98
Oficial de 3ª. Mozo de Taller (día)	IV	31,28	122,49	15.702,28

PERSOAL DE GRÚAS

Conductor Mecánico (día)	III	43,64	122,49	21.326,08
Conductor Gruísta (día)	III	40,16	122,49	19.742,68
Operador de Grúa (día)	III	36,69	122,49	18.163,83

PERSOAL SUBALTERNO

Cobrador de Facturas, Telefonista, Porteiro e Vixiante	IV	950,39	122,49	15.725,73
Limpadora (por horas)	IV	12,51	122,49	7.161,93

TÁBOA SALARIAL 2020 CONVENIO TRANSPORTE MERCADORÍAS POR ESTRADA

Vixencia: Dende 01/01/2020

POSTO DE TRABALLO	GRUPO PROF.	SOLDO BASE	PLUS CONVENIO	RETRIBUC. ANUAL
-------------------	----------------	---------------	------------------	--------------------

PERSOAL TÉCNICO SUPERIOR

Subgrupo A

Xefe de Servicio	I	1.443,47	124,08	23.141,01
Inspector pricipal	I	1.288,10	124,08	20.810,46

Subgrupo B

Enxeñeiro e Licenciado	I	1.281,77	124,08	20.715,51
Enxeñeiro Técnico e Auxiliar Titulado	I	1.073,08	124,08	17.585,16
Axudante Técnico Sanitario	IV	996,41	124,08	16.435,11

PERSOAL ADMINISTRATIVO

Xefe de Sección	I	1.105,23	124,08	18.067,41
Xefe de Negociado	I	1.041,84	124,08	17.116,56

Oficial de 1ª	II	977,02	124,08	16.144,26
Oficial de 2ª	II	949,45	124,08	15.730,71
Auxiliar Administrativo	II	949,45	124,08	15.730,71

PERSOAL DE AXENCIAS DE TRANSPORTE

Encargado Xeral	I	1.138,94	124,08	18.573,06
Encargado de Almacén	III	1.095,80	124,08	17.925,96
Capataz	III	1.052,68	124,08	17.279,16
Auxiliar de Almacén e Báscula	III	949,45	124,08	15.730,71
Mozo Especializado (día)	III	31,69	124,08	15.907,91
Mozo Carga e Descarga e Reparto (día)	III	31,69	124,08	15.907,91

PERSOAL DE TRANSPORTE DE MERCADORÍAS

I

Xefe de Tráfico de 1ª	I	1.138,94	124,08	18.573,06
Xefe de Tráfico de 2ª	III	1.095,80	124,08	17.925,96
Xefe de Tráfico de 3ª	III	1.052,68	124,08	17.279,16
Conductor Mecánico (día)	III	34,07	124,08	16.990,81
Conductor (día)	III	33,21	124,08	16.599,51
Conductor-Repardidor (día)	III	34,07	124,08	16.990,81
Conductor Motocicleta e Furgoneta (día)	III	32,23	124,08	16.153,61
Axudante (día)	III	31,69	124,08	15.907,91
Mozo Especializado (día)	III	31,69	124,08	15.907,91
Mozo (día)	III	31,69	124,08	15.907,91

PERSOAL DE GARAXES E APARCAMENTOS

Encargado Xeral de 1ª	I	1.138,94	124,08	18.573,06
Encargado Xeral de 2ª	I	1.095,81	124,08	17.926,11
Encargado de Almacén	III	1.052,68	124,08	17.279,16
Engraxador-Lavacoches (día)	IV	31,69	124,08	15.907,91
Garda Caixeiro (día)	IV	31,69	124,08	15.907,91
Garda de Noite e Día. Mozo (día)	IV	31,69	124,08	15.907,91

PERSOAL DE ESTACIÓNS DE LAVADO E ENGRASE

Encargado de 1ª	I	1.138,94	124,08	18.573,06
Encargado de 2ª	I	1.095,81	124,08	17.926,11
Engraxador. Mozo de Servicio (día)	IV	29,05	124,08	14.706,71

PERSOAL DE TRANSPORTE DE MOBLES, MUSANZAS E GARDAMOBLES

Xefe de Tráfico	I	1.138,94	124,08	18.573,06
Inspector Visitador	I	1.095,80	124,08	17.925,96

Encargado de almacén gardamobles. Capataz	III	1.052,68	124,08	17.279,16
Mozo Espacilizado (día)	III	31,88	124,08	15.994,36
Mozo (día)	III	31,69	124,08	15.907,91
Carpinteiro (día)	IV	32,86	124,08	16.440,26
Conductor Mecánico (día)	III	34,07	124,08	16.990,81
Conductor (día)	III	33,19	124,08	16.590,41
Conductor Furgoneta e Motocicleta (día)	III	32,23	124,08	16.153,61
Capitonista (día)	III	31,96	124,08	16.030,76

PERSOAL DE TALLERES

Xefe de Taller	I	1.181,15	124,08	19.206,21
Encargado ou Contramestre	I	1.057,48	124,08	17.351,16
Encargado Xeral	I	1.020,75	124,08	16.800,21
Encargado de Almacén	III	981,87	124,08	16.217,01
Xefe de Equipo (día)	III	34,54	124,08	17.204,66
Oficial de 1ª (día)	IV	33,66	124,08	16.804,26
Oficial de 2ª (día)	IV	32,23	124,08	16.153,61
Oficial de 3ª. Mozo de Taller (día)	IV	31,69	124,08	15.907,91

PERSOAL DE GRÚAS

Conductor Mecánico (día)	III	44,21	124,08	21.604,51
Conductor Gruísta (día)	III	40,68	124,08	19.998,36
Operador de Grúa (día)	III	37,17	124,08	18.401,31

PERSOAL SUBALTERNO

Cobrador de Facturas, Telefonista, Porteiro e Vixiante	IV	962,75	124,08	15.930,21
Limpadora (por horas)	IV	12,67	124,08	7.253,81

R. 0926

CONCELLOS
A FONSAGRADA

Anuncio

CONTA XERAL 2019

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio orzamentario do ano 2019, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estime interesado poderá presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

A Fonsagrada, 19 de maio de 2020.- O Alcalde da Corporación, Carlos López López.

R. 0927

FRIOL

Anuncio

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 28 de maio de 2020, prestouse aprobación ao expediente de modificación de créditos número 2/2020, (primeiro de competencia do Pleno), para transferencias de crédito, dentro do vixente orzamento municipal, e por un importe de douscentos vinteseite mil novecentos noventa e oito euros con sesenta e dous céntimos de euro (227.998,62 €).

Modifícase o Anexo de inversións do vixente Orzamento.

Cumprindo o disposto no artigo 177.2 en relación co 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría do Concello, co fin de que durante o mesmo (que se contará a partir do seguinte ao da inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia) poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se deberán dirixir ao Alcalde-Presidente do Concello.

Friol, 28 de maio de 2020.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez

R. 0969

A PONTENOVA

Anuncio

Os efectos do disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, pónse en coñecemento xeral que na Secretaría desta entidade atópase exposta ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019, xunto co informe da Comisión Especial de Contas, por prazo de quince días, durante os cales e oito máis os interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que, examinados pola Comisión Especial de Contas e practicadas pola devandita cantas comprobacións estime necesarias, emitirá novo informe e someterase ao Pleno da Corporación para a súa aprobación, sen prexuízo do seu sometemento á fiscalización externa do Consello de Contas e do Tribunal de Cuentas.

A Pontenova, 28 de maio do 2020.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0970

Anuncio

LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DE ABRIL 2020.

Por Resolución de alcaldía de data quince de maio de 2020, resólvese prestar aprobación da devandita listaxe que estará exposta nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 15 de xuño de 2020 ao 15 de agosto de 2020**, ámbolos dous inclusive.

B) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 20 de maio de dous mil vinte.

A Pontenova, 20 de maio de 2020.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0946

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA UN POSTO DE TRABALLO DE CHÓFER MOTONIVELADORA

POSTO DE TRABALLO: CHOFER DE MOTONIVELADORA, polo período comprendido entre a data de sinatura do contrato e o 31 de decembro deste ano a xornada completa, cuxas características son:

Nivel de titulación: certificado de escolaridade ou equivalente; denominación do posto: **CHOFER DE MOTONIVELADORA**; número de vacantes: 1.-

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes Bases Xerais para o posto de traballo que se opte, dirixiranse a Alcalde - Presidente do Concello da Pontenova segundo modelo do anexo II, e presentaranse no Rexistro Xeral deste concello no prazo de cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (por motivos da urxencia da contratación), ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberán comunicalo mediante fax ao núm. 982 34 20 51. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.-

Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitiran este avance ao fax citado.-

REQUISITOS DE TITULACIÓN: certificado de escolaridade ou equivalente.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición na Secretaría do Concello da Pontenova, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello: <https://concellodapontenova.sedelectronica.es.->

A Pontenova, 28 de maio de 2020.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0971

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

DOÑA MARÍA DE LOS ÁNGELES LÓPEZ CARBALLO, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 3 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento de **EJECUCIÓN DE TÍTULOS JUDICIALES N° 114/2019** de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de DOÑA PAULA FERNÁNDEZ MOSQUERA contra la EMP. "JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ", sobre reclamación de cantidad, se ha dictado decreto de fecha 21-01-2020, cuya parte dispositiva es del tenor literal siguiente:

“Acuerdo:

a) Declarar al ejecutado EMP. “JOSÉ LÓPEZ LÓPEZ” en situación de INSOLVENCIA, por importe de 538,58 EUROS, que se entenderá a todos los efectos como provisional.

b) Hacer entrega de certificación a la parte ejecutante para que surta efectos ante el Fondo de Garantía Salarial, una vez sea firme la presente resolución.

c) Archivar las actuaciones previa anotación en el Libro correspondiente, y sin perjuicio de continuar la ejecución si en lo sucesivo se conocen nuevos bienes del ejecutado.

Notifíquese esta resolución a las partes y al Fondo de Garantía Salarial, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LRJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial,

las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe **recurso directo de revisión** que deberá interponerse ante quien dicta la resolución en el plazo de **TRES DÍAS hábiles** siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LRJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2324 en el BANCO SANTANDER debiendo indicar en el campo concepto, "recurso" seguida del código "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si el ingreso 3 se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de resoluciones Secretario Judicial". Si efectúe diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

Así lo manda y firma Doña María de los Ángeles López Carballo, Letrada de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social número tres de Lugo; doy fe."

Y para que sirva de **NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a EMP. "JESÚS LÓPEZ LÓPEZ"**, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, quince de mayo de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0931

XULGADO DO SOCIAL N.º 4 GIJÓN

Anuncio

D/Dª OLGA PEÑA GARCIA, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 004 de GIJON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento PO 354/19 de este Juzgado de lo Social, se han dictado las resoluciones cuyos datos se hacen constar a continuación de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra las que cabe interponer el recurso que se indica:

- **RESOLUCION:** PROVIDENCIA DE FECHA 11/05/2020 NUEVO SEÑALAMIENTO A JUICIO PARA EL DIA 04/06/2020.
- **RECURSO Y PLAZO PARA INTERPOSICIÓN DE RECURSO:** RECURSO DE REPOSICIÓN EN EL PLAZO DE TRES DIAS.
- **PERSONAS A QUIEN SE NOTIFICA y CITA:** ALLDECOR GALICIA SL
- **FECHA CONCILIACION /JUICIO:** día 04/06/2020 a las 09:55 y 10:55 horas respectivamente.

Y para que sirva de notificación en legal forma a **ALLDECOR GALICIA SL**, en ignorado paradero, expido la presente para su inserción en el **BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE LUGO**.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

GIJON, once de mayo de dos mil veinte.- **LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0932